

Salvaterra adxudica o
servizo de axuda no
fogar

Páxina II

O gando volve a Feira
Vella coa Feira dos
Remedios

Páxina VII

Programa de festas de
setembro
de Ponteareas

Páxina IX

As Neves comeza a
destinar o superávit a
obras e alumeado

Páxina XIII

25 aniversario
da Coral Polifónica
de A Cañiza

Páxina XV



Aprobado polo pleno o novo PXOM de Ponteareas

Páxina VI

Óptica mahen
mahen audióprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

OPINIÓN

Por Isidoro Gracia

“E dous ovos duros”, paralelismos do proceso de investidura

Non é para tomarllo de broma, polos riscos que para España supón o resultado de non dotala dun Goberno forte nunha época difícil, pero as similitudes coa película dos Marx saltan á vista.

Noutras ocasións xa utilicei a metáfora e a parábola, para intentar unha análise de situacións políticas complexas, expoñendo as miñas opinións lonxe de términos que, por grandilocuentes e profundos, só quedan claros aos expertos que ten que acreditar a súa sabedoría utilizando a súa propia jerga. Hoxe volvo intentar aproximarme a un tema tan serio, como non ter un goberno con competencias plenas e o mais estable posible, nun período cheo de dificultades para España e os seus cidadáns, sen ánimo de crear mais confusión e alarma.

Un proceso lóxico de negociacións

para formar Goberno debería pasar por primeiro establecer un programa, segundo negociar unha estrutura adecuada aos seus obxectivos e para rematar buscar, e poñerse de acordo, nas persoas ás que situar nesa estrutura.

Do documento dun posible programa o PSOE ofreceu dúas versións, a primeira de 42 páxinas, a última de 50, e aquí xorde a primeira similitud cunha das escenas da película, a resposta o interlocutor lévanos ao inefable diálogo da lectura e negociación dun contrato, quen non recorda aquilo de "a parte contratante da segunda parte....". En palabras dos negociadores de Unidas Podemos "non é unha proposta seria xa que é un curta e pega do seu programa electoral" "o que nos parece o máis sensato: negociar de xeito integral un programa de estabilidade con prioridades moi concretas un Goberno xa,

e o seu anuncio e publicación nos medios unha falta de respecto incluso unha humillación".

Ao avanzar nas negociacións acéptase que vai existir un Goberno de coalición, como esixiu desde o principio Unidas Podemos, pero ao intentar concretar a proposta as versións de en que se traduce ese Goberno son, dunha parte un equipo único pilotado por quen obtivo 123 escanos, da outra dous equipos ben diferenciados e con xestións exercidas en competencia exclusiva. Hai que engadir que os ministros de UP, cunha achega de apoio de 42 escanos de 6 forzas diferenciadas, controlarían o 100 % dos ingresos (De acordo co contido da súa proposta escrita ese dato non é posible desmentilo) e no capítulo de gastos roldarían o 50%. E aquí xorde novamente a similitud coa película.

Vexamos, nun barco con destino a Nova York viaxa a compañía de grandes estrelas da Ópera de Milán, que en boa lóxica ocupan os mellores camarotes. A bordo viaxan tamén uns polizons.

Aceptados polos titulares dos camarotes e o seu dirixente como iguais, xorden esixencias de servizos de limpiadoras, manicuras, unplomero, camareiros, etc, e grandes cantidades de comida, nada é suficiente, a todo hai que engadir "dous ovos duros, mellor tres". Resultado: a acumulación termina por facer rebentar o camarote. Acepto que habería que substituír, para evitar que se acuse ao artigo de irrespetuoso, a figura do polizón pola de viaxeiro legal doutro nivel (o cuarto p/e) pero a analogía é moi evidente.

Pero o problema principal é que, do mesmo xeito que na película, o caos xerado polos inesperados pasaxeiros, ao condicionar todo o devir do proceso, consegue que o gran obxectivo, formar un Goberno ou representar unha gran obra, pasa a un segundo plano e parece ser menos importante que como se conta o porqué ese gran obxectivo non se levou a bo término.



Por Ramón Coira Luaces

O Consello de Galiza

O Consello de Galiza foi unha entidade política galega fundada no exilio (en Montevideo) en 1944 e constituída formalmente en Buenos Aires nese mesmo ano. A idea de crear este organismo que pretendía aglutinar a deputados galegos (galeguistas e republicanos) foi de Castelao, influído polo lendakari vasco Aguirre, que pretendía revitalizar Galeuzca, a triple alianza entre nacionalistas vascos, cataláns e galegos, que defendían unha España confederal e cuxo pacto Castelao asinara cun Viva Galiza Ceibe! O Consello baseaba a súa lexitimidade

no resultado positivo do plebiscito de 1936, que aprobou o Estatuto de Autonomía de Galiza, e o seu primeiro presidente foi Castelao e, á súa morte, o agrarista que logrou fuxir dunha morte segura disfrazado de esmolante, Antón Alonso Ríos. Portela Valladares aderiuse expresamente a esta institución simbólica e representativa da derradeira vontade do pobo galego. Porén as relacións do Consello co galeguismo do interior non foron fáciles, por moito que na diáspora se intentase integrar as opinións do interior, conscientes de que era desde alí desde onde se ostentaría

o protagonismo futuro. Porén Ramón Piñeiro e a xente do galeguismo interior consideraban o Consello como unha organización circunstancial da emigración, incluso "anacrónica" por defender a legalidade republicana e tamén dicían que Galeuzca non representa os pobos, senón grupos de opinión. Cando Castelao foi ministro do Goberno da República do exilio, presidido por Giral, Ramón Piñeiro acusou de ser ministro deste e non das forzas do interior. Tras o fracaso deste Goberno e dada a postura contemporizadora das democracias occidentais coa Ditadura do xeneral Franco, Castelao, decepcionado, abandona París e regresa a Buenos Aires. O Galeguismo do interior na súa meirande parte -co espírito quebrado polo fas-

cismo- claudica o máis dignamente que pode e desconecta a xuventude galeguista co pasado, criticando e incluso renegando da figura de Castelao e do exilio. En 1950, coa morte de Castelao, o galeguismo do interior céntrase na resistencia cultural en torno á editorial Galaxia, pois a nosa lingua e a nosa cultura estaban prohibidas ou totalmente marxinalizadas: eran parte do bando perdedor da Guerra. En canto ao galeguismo do desterro, entra nunha fase rutineira, con pouca iniciativa e vitalidade. Será nos anos 60 cando xurda no país un novo nacionalismo...



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiralde, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

■ ■ ■ Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Facendo pé nas raíces da Terra

Reme Martínez, desde as terras de Trives envíame un video que ela mesma lle gravou ao seu pai, Pepe Guindeiro, no que aparece aventando a semente dos nabos na súa leira. Chamoume a atención observar a mestria con que fai a sementeira en terra labrada con sucros ben dereitiños. Como ben di a filla: se o fago eu, no primeiro remeneo do brazo espeto medio paquete de nabos. El adoita facelo dun xeito especial para que a semente se espaxa ben, chegando a todos os recantos da leira. Por esas artes é polo que é reclamado polo seus veciños para que lles faga o mesmo labor. Tal é a fundanza que teñen na súa habelencia. Unha boa sementeira é a mellor garantía para tirarlle proveito no tempo da seitura.

No video observo que Pepe Guindeiro non deixou ningún anaco da leira sen labrar. Débeo facer tamén a cadabullo, isto é traballando as extremas que quedan sen labrar transversalmente polas dificultades do espazo. Ata neste labor é ben curioso cando fai o traballo.

A metáfora de Pepe Guindeiro evócame o ensaio de Juan Rof Carballo, a nosa eminencia internacional en medicina sicosomática, que escribiu “Mito e realidade da Terra Nai”, un libro apenas lido polos galeguistas e nacionalistas de hoxendía.

Cómpre facer pé na realidade para outear o futuro sen deixarse levar polos espellismos dos axiomas e rotinas de moitos militantes do galeguismo/nacionalismo, que viven fóra da realidade. Gardo na memoria un suceso, disto hai máis ou menos vinte anos, cando os estudos de filoloxía galega deixaron de ter un papel exorbitado na política lingüística, e as facultades universitarias principiaban a notar o descenso de alumnos matriculados, unha entrevista publicada nun medio de comunicación na que o decano dunha desas tres facultades de filoloxía, respondíalle ao xornalista apuntando que a solución dese problema estaba na implicación dos concellos galegos. “Se os 315 concellos galegos contratasen un filólogo para o servizo de normalización lingüística, o problema estaría resolto”, dixo. Confeso que cando lin a entrevista quedei preocupado porque a solución que ofrecía aquela autoridade académica evidenciaba un enorme descoñecemento xurídico-administrativo de Galicia. Como van crear prazas de funcionario para filólogos, poñamos por casos, Mondariz-Balneario con seiscentos habitantes, ou Negueira de Muñiz que ten aínda menos, douscentos vintetrés?. Ou moitísimos máis concellos con escasos recursos económicos e habitantes?, preguntábame eu. Ben sei que o ese decano, amigo

meu é galeguista de corazón. Mais o caso é que hai moita xente que desempeña cargos institucionais que falan co corazón pero non coa razón, porque descoñecen a realidade.

Nunha carta que me escribía Xosé Neira Vilas en 1996 poñía en dúbida a eficacia de certas actividades, e nomeadamente a literaria, para evitar a minorización da lingua galega. “Non debemos enganarnos. Presenza literaria sempre a houbo - moitísima menos, claro está, no franquismo, pero algo sempre se publicou- pero iso non incide tanto como o uso da lingua no ámbito económico. O exercicio literario sempre foi unha actitude de vangarda, unha bandeira moi válida, si, pero de escasa incidencia na sociedade común, ou no común das sociedades”. E isto dicíao o autor de “Memorias dun neno labrego” con moitos milleiros de exemplares editados. A situación mudou co paso do tempo para mal, de tal maneira que hoxe as edicións non pasan dos cincocentos exemplares. A incidencia da literatura, xa que logo, é anecdótica, e a incidencia fóra dun ámbito reducidísimo de lectores é mínima.

Temos que conquistar outros espazos decisivos nas vidas das persoas para que a lingua galega atope neles un maior e eficaz fomento do noso idioma baseado no prestixio social.

Anualmente morren en Galicia 30.000 persoas. É preocupante constatar a cotío como o 99% do falecidos pasan á historia con esquelas en castelán e perpetuando a súa memoria nos cemiterios con lápidas escritas

nun idioma que nunca faláron. A responsabilidade de que isto sega a suceder correspóndelles, en primeiro lugar, aos seus familiares que se autoproclaman galeguistas ou nacionalistas en actos cando o calendario de celebracións reivindicativas os require. A que vén logo esa impostura de proclamárense o que non practican?. E, en xeral, a todos os galegos que deforman a memoria cultural dos seus. Uns e máis outros son, por activa ou por pasiva, os responsables da desmemoria.

Descorazona tamén coñecer o dato estatístico que nos ofrece o Colexio Oficial de Notarios de Galicia relativo ao uso da lingua galega nas declaracións de herdeiros. Como é posible que un país de pequenos propietarios, nos que as terras teñen cadanseu topónimo no idioma do país, os testadores non fagan os seus testamento en galego? Con estes datos na man hai que falar de algo que nos debe doer como galegos: a renuncia deliberada ao noso idioma para transmitir o legado patrimonial aos herdeiros.

Apelamos ao sentimento de galeguidade que aínda aniña en moitas consciencias para que agrome de vez en todas as manifestacións sociais.

A metáfora de Pepe Guindeiro semeando con intelixencia, paciencia e precisión a súa leira debe ser o exemplo do compromiso colectivo coas raíces da Terra e as súas tradicións.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra adxudica o servizo de axuda no fogar por 1.711.584€ en catro anos

Alcaldesa de Salvaterra ven de asinar o novo contrato de Servizos de Axuda no fogar para os próximos catro anos coa empresa IDADES, S.L. por un importe estimado nos catro anos, entre SAF de dependencia e SAF básico de 1.711.584,00€.

Salvaterra é dos poucos Concellos no Sur de Pontevedra que está crecendo, conta cun elevado número de mozos e mozas e nos últimos 3 anos naceron no municipio máis de 250 nenos, pero tamén é verdade que existe un número elevado de persoas maiores, en moitos casos dependentes que necesitan axuda para o seu día a día, e nese eido

existe o Servizo de Axuda no Fogar que nestes intres ofrece preto de 2.700 horas ao mes, entre dependencia e libre concurrencia, coa que se atenden a 65 usuarios.

O SAF ten por obxecto prestar atención ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu medio habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as cales resulte un recurso idóneo. Servizo ao que acceden as persoas que teñan recoñecido este dereito

a través do sistema de atención á dependencia ou ben, na modalidade de libre concurrencia, aquelas persoas para as que resulte un recurso idóneo, de acordo coa valoración técnica correspondente.

Os principais obxectivos do SAF son mellorar a calidade de vida dos usuarios, posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual, favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio, previr situación de dependencia ou exclusión e retardar ou evitar a institucionalización.

A empresa IDADES subrogará ás 31 auxiliares que traballaban no SAF coa anterior empresa

Novo pavimento no pavillón de Leirado



Alcaldesa de Salvaterra de Miño Marta Valcárcel, o 1º Tte Alcalde e Concelleiro de obras Ernesto Groba, xunto ao Concelleiro de Leirado supervisan as obras de cambio do pavimento no Pavillón Municipal de Leirado que foron adxudicadas a empresa Mondo Ibérica por un importe de 61.752,29€ consistentes en colocar sobre a soleira existente do Pavillón Polideportivo un pavimento deportivo aeroelástico de tarima de madeira, especialmente apto para a práctica de fútbol sala, baloncesto, balonmán e patinaxe, específico de instalacións deportivas. O pavimento instalado será en madeira, conforme últimas esixencias da certificación UNE 14-904, deportivamente certificado a máximo nivel FIBA con certificados medioambientais, unha superficie equivalente á que se está celebrando os campionatos do mundo sub 21 de balonmán en Vigo e Pontevedra.

Rematan os cursos de natación da piscina

Máis de 70 persoas se deron cita este verán nos cursos de natación que organizou o Concello de Salvaterra de Miño nas piscinas municipais nos meses de xullo e agosto. Dous meses de diversión e aprendizaxe a partes iguais, onde os nosos monitores traballaron con nenos e nenas a partir dos 4 anos ata adul-

tos, sen límite de idade.

Con este tipo de actividades en grupo búscase potenciar valores transversais como o é o compañeirismo, algo moi a ter en conta sobre todo na formación dos máis pequenos, ademais de facer exercicio e aprender a nadar.

Nos cursos clasifícanse os grupos por idades para que non existan

grandes diferencias tanto na carga como na complexidade das tarefas.

O 30 de agosto, celebrouse un acto de clausura no que os nenos e os maiores recibiron o seu diploma e gorro, ca cor que alcanzaron nas súas respectivas clases. Ademais durante a mañá gozaron de xogos, música e inchables para despedir o verán xunto os seus monitores



4ª FEIRA - EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DE ORQUÍDEAS



14 e 15 de Setembro, 2019
HORARIO: Sábado 14 de 11:00 h. a 20:00 h. / Domingo 15 de 11:00 h. a 19:00 h.

Salvaterra de Miño

EN PARQUE XARDÍN A CANUDA
(XARDÍN BOTÁNICO DE ORQUÍDEAS)



Organiza: CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

Información: 986 65 81 26 - 65 60 82
info@concellode.salvaterra.org

VII Serán de Alxén

O 14 de setembro celébrase en Alxén, Salvaterra de Miño, a sétima edición do seu Serán dedicado á vendima. Un acontecemento xa consolidado na contorna ao que acoden grupos folclóricos de toda a comarca.

Este Serán, ademais da boa música que ofrece, conta cunha singularidade: a comida e a bebida – viños- son de balde. Ao longo da noite vanse ofrecendo entre os asistentes tortillas, chourizos, friames e tamén variadas sobremesas, para rematar cun chocolate quente. E os que o desexen poden adquirir viño, tinto e branco, de balde. Tanta xenerosidade ten a súa explicación: son os veciños e veciñas da parroquia

de Alxén os que abastecen de comida e viño, porque a organización non pide cartos, senón que convida os veciños e veciñas a asistir ao serán e anímaos a participar co que teñan máis a man e lles sexa máis doado aportar. Tamén se fan sorteos, entre actuación e actuación, de produtos doados polos comercios locais: dende un corte de pelo, un cambio de aceite ou unha parella de galos e mesmo un porco.

O Serán está organizado pola Asociación Cultural e Folclórica OS DO EIDO de Alxén. Asociación que conta cun grupo de baile, unha banda de gaitas e un grupo de pandereiteiras, que, por suposto, actúan no Serán dándolle cozezo e peche.

VII SERÁN DE ALXÉN

SALVATERRA DE MIÑO

SÁBADO 14 DE SETEMBRO
APERTURAS 21:00 h

TORREIRO DE FESTAS DE ALXÉN

“Vendima, vendima aída
como as uvas no galego,
que pelando hai serán
e apurando que ven.”

Despois da dura vendima
chegou o serán de Alxén,
a vendima recompensa
e cantar e bailar ben.”



Organiza: **Asociación Cultural e Folclórica OS DO EIDO de Alxén**

Colabora:   



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Co PXOM iníciase unha nova etapa de prosperidade para Ponteareas, segundo Represas e Garrote

O alcalde de Ponteareas e a segunda tenente de alcalde manifestaron a súa satisfacción pola aprobación do PXOM. Segundo afirman o novo Plan “marca o inicio dunha nova etapa de prosperidade para Ponteareas”.

Aseguran que o Plan Urbanístico ten o apoio da maioría dos ponteareáns que decidiron co seu voto darlle maioría nas últimas eleccións.

Os socialistas din “aprobar o Plan era unha necesidade inaprazábel que non admitía máis retraso despois de 17 anos de parálise urbanística que causou gravísimos problemas a Ponteareas e á súa economía.

O PP e ACIP equivocáronse co seu voto en contra porque a maioría dos seus votantes tamén queren o Plan xa”.

Represas e Garrote destacan os efectos positivos que terá a aprobación do PXOM: “regularizaremos o Parque Empresarial da Lomba, fundamental para a instalación de novas industrias e a ampliación das existentes, dispoñemos de terreos públicos na vila para construír a nova escola infantil ou facer novos aparcamentos, entre outros, e poderemos abordar a apertura do vial de acceso ao IES O Barral, a creación do grande parque do Tea ou dun novo complexo deportivo”.

Coa aprobación do PXOM pasarán a ser propiedade municipal, entre outros, os terreos de Granitos de Galicia e a nave de Aceros del Tea. Represas e Garrote engaden que “o Plan suporá un aforro para o concello, pois deixarán de pagar 1.500 euros mensuais polo parque Ferro Ucha, que tamén pasará a propiedade municipal, e evitarase ter que indemnizar con 180.000 euros aos propietarios da parcela cedida para o ximnasio do IES Pedra de Auga”.

O goberno salienta a “seguridade xurídica que permitirá legalizar actividades e instalacións, tamén servirá para



poñer fin á inxustiza que soportaban propietarios de fincas no rural non edificabeis, que agora deixarán de pagar a contribución”.

Agardan “responsabilidade

por parte da Xunta de Galicia e que en tres meses aproben definitivamente o Plan. Agora non hai excusas porque o PXOM está corrixido como se nos esixiu”.

ACIP denuncia as mentiras de Represas sobre o seu soldo

No Pleno Represas recoñeceu que cobraba do Concello.

Cando aínda está fresca a toma de posesión como Alcalde o Sr. Represas demostra que mentía descaradamente cando aseguraba que quería gobernar con consenso e transparencia.

Aplicando o rodillo do seu partido co apoio do seu socio de goberno e iñorando á Oposición leva a Pleno acordos cerrados por que o di él e punto.

O Portavoz Municipal de ACiP denuncia o que considera nunca debería facer un Alcalde: mentir descaradamente e dunha mentira querer facer unha verdade, intentando xustificar o inxustificable, descualificando aos grupos da Oposición para agochar as subidas do gasto en materia de salarios do goberno.



A saber:

1º.- O gasto para manter ao Goberno sube máis dun 60%.

60% respecto ao ano 2015 que era de 156.844€ e pasa a 263.240€ en 2019.

Queda claro que é una subida excesiva. Os concelleiros con dedicación exclusiva cobraran unha media de 2.142,85 €/mes, resultado da dedicación valorada en 30.000 euros divididos en 14 mensualidades. Outra

mentira máis.

2º.- O Sr Represas SI cobra do Concello; cousa que ven facendo nos últimos catro anos. . Que non cobre a través de nómina, polo seu interese persoal, pois cobra como xubilado de ABANCA, non significa que non cobre por outros conceptos: asistencia a Plenos, comisión e dietas o que supón 2 veces máis; non é incompatible pero tampouco é moi ético.

O PP advirte que o PXOM aprobado limita o crecemento nos próximos 16 anos carecendo de solo industrial

O Grupo Municipal do PP lamenta que o goberno local no forquen de argumentar sobre o futuro crecemento do municipio para dar resposta aos requirimentos da Xunta de Galicia e da propia empresa redactora do Plan Xeral.

“Fórono ao fácil; recortan máis dun 30% a edificabilidade no rural. Apenas quedan parcelas edificables; limitan el crecemento do pobo nos próximos 16 anos. Este PXOM só serve para corrixir algún erro do pasado; non contempla o futuro”, advirten os populares.

Outra das cuestións que o Grupo Popular considera como un grave erro é non contemplar nin desenvolver en paralelo o solo industrial da Lomba.

“Hipotecan o futuro em-

presarial e a xeneración de emprego no territorio. Nin un so metro cuadrado de solo industrial. Mentres outros municipios veciños crecen coa instalación de novas industrias, nós quedamos na paralización. A aprobación deste Plan é “un brindis al sol”, sentencian os populares.

Lamenta a irresponsabilidade do goberno, que en pleno mes de agosto, depresa e correndo, con falla de informes e incumplindo la lei, sacaron adiante un dos documentos máis importantes para o municipio.

“Cargáronse o PXOM, esperamos que non suceda o mesmo que en Vigo. Con este documento os veciños quedaron indefensos. O proceso foi nefasto. Estamos diante dun PXOM sen garantías”.

PONTEAREAS

O gando volve a Feira Vella coa Feira Tradicional dos Remedios

O concello de Ponteareas, a través das concellerías de Cultura que dirixe Fernando Groba e de Eventos que dirixe Cristina Fernández, presenta unha nova edición da feira tradicional dos Remedios que chega a súa décimo terceira edición o vindeiro sábado 7 de setembro.

Cargada de moitas novidades a Feira Tradicional dos Remedios recreará, un ano máis, os mercados que se celebraban a principios do século XX e todos, comerciantes e participantes, irán ataviados coa roupa desa época.

Entre as novidades desta edición está a recuperación da Feira Vella como epicentro

de exhibicións de gando e promoción de especies autóctonas como o porco celta ou o cabalo de pura raza galega. Deste xeito, a Feira Tradicional dos Remedios amplía fronteiras, sendo igualmente a praza de Bugallal e as rúas Vidales Tomé e Morales Hidalgo os centros neuráxicos para mercar produtos de alimentación e artesanais, e a praza da Música o lugar onde degustar o tradicional polbo á feira.

Entre as novidades tamén está a celebración do XXXII Festival Folclórico do Condado que este ano se enmarca no programa da Feira dos Remedios abrindo a xornada festiva e comercial cunha ruada dende a casa do concello e con ac-

tuacións ao longo de toda a mañá e de toda a tarde.

A partir das 10:30 horas poderase visitar o Poni Club no parque da Feira Vella, tamén ás 16:30 horas. Ás 11 horas e as 13 horas as rúas da Feira vivirán a visita do cego e dos seus cantares. Ás 11 horas coñeceremos os nosos cabalos de pura raza galega no parque da Feira Vella e ás 12 horas haberá exhibición de salto do Club Hípico Char no IES Val do Tea que tamén acollerá ás 13 horas a exhibición de andadura PURAGA.

Pola tarde de 17 a 19 horas o parque da Feira Vella ofrecerá un concurso morfolóxico de can de palleiro e tamén poderemos gozar da música dos



grupos do XXXII Festival Folclórico do Condado que actuarán polas rúas ata as 19 horas que será o momento do baile final e clausura diante da casa do concello.

O concello convida a todo o mundo a vestirse de época, a tirarse unha foto no photocall

ubicado na praza Bugallal coa opción de participar no sorteo de agasallos e a pasear na carruaxe de cabalos que estará dispoñible durante toda a xornada totalmente de balde para quen queira pasear entre a praza Bugallal e o parque da Feira Vella.

Promoción das razas autóctonas na Feira dos Remedios

Un renovado enfoque, a Feira Tradicional dos Remedios quiere poñer en valor as razas autóctonas desde un punto de vista funcional. Con tal propósito, contactou coas diferentes asociacións de criadores de razas autóctonas de Galiza e dúas delas amosarán os seus animais no parque da Feira Vella a partir das once da mañá e tamén en horario de tarde co obxectivo de dar a coñecer as nosas razas e destacar a súa valía e características que os diferencian do

resto das razas.

Degustación de carne de poldro

A Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega (Puraga) patrocina, por unha banda, un posto de degustación gratuíta de hamburguesas e chourizos elaborados con carne ecolóxica de poldro. En segundo lugar, realizará unha descrición morfolóxica dun exemplar de Pura Raza Galega para coñecer, da man dunha das técnicas da asociación, cales son as características que ten que presentar un bo

exemplar desta raza equina. E, en terceiro termo, realizará unha exhibición-demostración do ancestral (Plinio xa falaba del na súa literatura ao falar dos Callaici) e tradicional (foron os animais preferidos para viaxar até a chegada dos vehículos de tracción mecánica) paso de andadura.

Pola súa banda, o Club Can de Palleiro brindarlles aos ponteareáns e ás ponteareás un Monográfico completo sobre este cánido (un concurso morfolóxico) que terá unha duración de dúas horas. Estes ani-



mais, para alén de seren fantásticos compañeiros na vida diaria de calquera persoa, son formidábeis tanto como cans pastores para axudar nas tarefas gandeiras con gando menor (ovellas ou cabras) e maior (vacas ou cabalos) como cans guía para persoas invidentes ou con necesidades especiais.

A Concellería de Cultura

agradece a colaboración da Federación de razas autóctonas de Galicia, BOAGA, e a Asociación de Criadores de Gando Celta, ASOPORCEL.

Entre as razas que atoparemos na Feira Vella estarán tamén a vaca rubia galega, frieiresa, limiá e cachena, a cabra galega, a ovella galega e a galiña de Mos.

FUCO PRADO



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O hóckey volve a Ponteareas!!!

Tras unha década inactivo o Hóckey Club Ponteareas rexurde para facer deste deporte algo máis que un entretemento e rememorar así os tempos nos que se practicaba no parque do Tea competindo no Campionato de España.

A directiva do H. C. Ponteareas presentouse nestes días coa intención de captar xogadores e recuperar o histórico equipo para as categorías elite. Apoiados polo concello de Ponteareas, na presentación estivo o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, pola concelleira de Deportes, Nahir Covelo e polo Concelleiro de Mocidade, Miguel Bouzô. A directiva anunciará nos vindeiros días os primeiros encontros deportivos e horarios do club para comezar con forza os adestramentos no mes de setembro.

O principal obxectivo fixado pola directiva é a volta do club ás categorías de elite do hóckey en España tanto na categoría feminina como



na masculina.

Conscientes do esforzo que vai implicar, comezarán a traballar polo deporte base e a canteira. Para a tempada 2019/20 a prioridade será a creación das escolas de hóckey de iniciación nos centros escolares do concello e da súa contorna incluíndo o hóckey sobre patíns nos seus programas de actividades extraescolares. A primeira acción para difundir este deporte serán as demostracións nos centros educativos ofrecendo ás familias

un período de iniciación e aprendizaxe para logo organizar competicións entre os centros.

O Club contará con adestradores titulados e ex xogadores con experiencia na formación de xogadores en cada posto específico. Ademais, estará apoiado pola Real Federación Española a través do seu programa PROHOCKEY, deseñado por Quim Pauls.

O H.C. Ponteareas agarda con ilusión a todos os nenos e nenas que queiran formar parte esta familia e equipo.

Pedro Covelo e Brais Vila fanse cos primeiros postos no xogo tradicional do Pau de Sebo



Por segundo ano consecutivo a xornada festiva no parque de San Roque resultou todo un éxito sendo o xogo popular do pau de sebo o que máis curiosos e siareiros atraxo. Facendo gala de habilidade e valentía, os e as xogadoras ofreceron espectáculo sendo na modalidade vertical o primeiro posto para Brais Vila Pereira, o segundo posto para Iria Lemos Fernández, o terceiro posto Roberto Lemos Gonzá-

lez e o cuarto posto para Logan Martínez Pousada. Na de pau horizontal o primeiro posto foi para Pedro Covelo, segundo Ángel Lamas Aguado e o terceiro para Jaime Domínguez Cordero.

Os medios de comunicación non quixeron perderse esta fazana e algún programa televisivo fixo un seguimento desta xornada tan divertida como tradicional na que non faltou unha cea popular e moita música.

XI Torneo de Tenis na Freixa



O concello de Ponteareas a través da concellería de Deportes, que dirixe Nahir Covelo, convida a toda a veciñanza ao XI Torneo de Tenis que se celebra dende o día 30 ata o 8 de setembro nas pistas da Freixa.

Organizado polo Club Tenis Ponteareas en colaboración co concello de Ponteareas entrega-

ránse trofeos aos campións e finalistas das categorías que competirán en categoría masculina federada (alevín, infantil, cadete, absoluto, Vt+35 e Vt+45) e na categoría feminina federada (alevín, infantil, cadete e absoluto). Nas categorías populares tanto masculina como feminina competirán en absoluto e dobles.

As festas incluírán un horario de atraccións sen música nin megafonías

O concello de Ponteareas, por iniciativa da concellería de Promoción Económica que dirixe Eva Gil e da concellería de Eventos, que dirixe a tenente de alcalde Cristina Fernández, solidarízase coas persoas con diversidade funcional e promove os "horarios sen música nas festas" para favorecer a inclusión de todas as persoas con autismo, síndrome de Asperxer e síndrome de Down entre outros diagnósticos.

Esta iniciativa contempla a apertura das atraccións obrigatoriamente ás 17 horas sen música e megafonía ata as 19 horas dos domingos día 8 e día 29 de setembro do presente ano, para facilitar o acceso ás persoas con diversidade funcional e que tamén poidan desfrutar



das festas.

O concello de Ponteareas pon de manifesto que durante este horario non se poderá poñer música, sons ou megafonía nin facer uso de fogos de artifício así como calquera tipo de actividade que prexudique ou desfavoreza o uso e disfrute das atraccións e actividades das festas ás persoas con sensibilidade ao son.

PONTEAREAS



PONTEAREAS 2019 festas SETEMBRO

**Os Remedios 6, 7 e 8
San Miguel 28, 29 e 30**

PONTEAREAS CONCELLO **CONCELLO DE PARADANTA** **MÚSICA** **JOHNIE DE GRUPO**

Actos relixiosos

30 de agosto a 7 de setembro
20h Novena dos Remedios

Domingo 8
Misa ás 10h e 12h. Misa solemne e procesión ás 19h

20 a 28 de setembro
20h Novena de San Miguel

Domingo 29
Misa ás 10h e 12h. Misa solemne e procesión ás 12:30h

Deporte

Do 30 de agosto ao 8 de setembro
XI Torneo de tenis Concello de Ponteareas.

Sábado 14
Carreira por montaña Nacional 120 Galleiro – Franqueira.
Caminhantes do Condado.

Domingo 15
Dende as 10h. Centro urbano. **Gran Premio Festas de Setembro Concello de Ponteareas.** Club Ciclista Ponteareas.

Sábado 21
Dende as 16h. Praza Maior. **Básket na rúa 3x3 Concello de Ponteareas.** Club Baloncesto Ponteareas.

E ademais..

Venres 13 e Sábado 14
22h A Picaraña. **Festival De Música Electrónica "Aquater".**
Organiza AG Música Electrónica

Venres 13, Sábado 14 e domingo 15
Fin de semana sen glute. Actividades no centro urbano.
Sábado 14, rúa Esperanza: Feira e exposición de produtos sen glute. Organiza Banestra.

Venres 27 e sábado 28
Festival das Brétemas. Parque da Feira Vella e Sala Multiúsos do Auditorio Municipal.

Programa de actividades

Domingo 1 Dende as 10:30h. Parque da Avisoureira. **Vexaltación do Pemento de Guláns.**
Ás 12:30h pregón de Bolívar González Rguez.

Martes 3 19h Coñece Ponteareas: Castro de Troña.

Xoves 5 18h Parque da Perillana. **"A detective Peregrina e o insólito caso de Antón Fraguas".**
a cargo de Polo Correo do Vento. Ler Conta Moito

Venres 6 12:30h Ruada dos xigantes e cabezudos acompañados por música tradicional. Saída dende a Casa do Concello.
21:30h Praza Maior. Federico Pérez e Marcos Pereiro interpretan "Os Tristes".
23h Praza Maior. **Orquestra Passarela.**

Sábado 7 **XIII Feira Tradicional dos Remedios**
10h Apertura de postos. Praza Bugallal, Vidales Tomé, Morales Hidalgo, Praza da Música, Feira Vella e xardín do IES Val do Tea. **Acude vestido con traxes de época, haberá premios e sorteos.**
Animación de rúa a cargo do "Cego na Feira".
XXXII Festival Folclórico
Dende as 10h, desfile dos grupos participantes polas rúas do centro urbano.
Ás 19h diante do Concello, clausura.

22h Avda. Rosalía de Castro. **Orquestra Ciudaddevigo.**
23:30h Praza Maior. **Orquestra Johnny Maquinaria.**

Domingo 8 18h Praza da Música. Animación infantil **"O show de Rambanepasi".**
21h Diante do Concello. Concerto a cargo da **Banda de Música Xuvenil de Xinzo.**
21:30h Praza Maior. **Orquestra Triunfo.**
23h Praza Bugallal. **Grupo Claxxon.**

Xoves 12 18h Parque da Perillana. **"Chimpos e brincos nos carrelros",** a cargo de Lorena Pinheiro. Ler Conta Moito

Sábado 14 20h Casa Cultural de Guillado. **XI Encontro de corais.**

Domingo 15 10h Coñece Ponteareas: Río Tea e Río Uma. Saída Ponte dos Remedios.

Xoves 19 18h Parque da Perillana. **"Un rato máxico",** a cargo do Calvarota. Ler Conta Moito.

Venres 20 22h Parque da Feira Vella. **Festival de Música Rebelde.** Con Pauliña, Rebellom do Inframundo e Falperryys.

Sábado 21 **LII Concurso de Gaitas do País**
16:30h Ruada dos grupos participantes, saída dende a Casa do Concello.
17h Auditorio Municipal. Actuación dos grupos participantes.
22:30h Parque da Feira Vella. **Concerto de Cristian Silva e do grupo gañador do concurso.**

Domingo 22 10h Centro urbano. **Carreira de orientación.**
20h Auditorio Municipal. **Festival de Playback.**

Martes 24 19h Coñece Ponteareas: o centro urbano. Saída da Biblioteca.

Xoves 26 18h Parque da Perillana. **"Libros para coidar a Terra",** a cargo do Carballo con Botas. Ler Conta Moito

Venres 27 19h. Praza Maior. **Holi Party FM**

Sábado 28 12:30h Ruada dos xigantes e cabezudos acompañados por música tradicional.
18h Centro urbano. **Xornada de xogos tradicionais.**
21h Praza Bugallal. **Orquestra Salsarena.**
22:30h Praza Maior. **Orquestra Costa Oeste.**

Domingo 29 11h Diante do Concello. Concerto da **Banda de Música Unión de Guláns.**
13:30h Lanzamento de globos de San Miguel.
21h Praza Bugallal. **Orquestra Suavecito.**
22:30h Praza Maior. **Orquestra Cinema.**

Luns 30 festivo local 18h Rúas do centro urbano. **Animación Infantil.** Benito e Rufina.
20:30h Rúas do centro urbano. **Festicultores Troupe.**
22:30h Praza Maior. **Orquestra La Fórmula.**

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Publicadas as bases do LII Concurso de Gaitas do País

A concellería de Cultura e Lingua, que dirixe Fernando Groba, informa que xa están publicadas as bases do LII Concurso de Gaitas do País de Ponteareas 2019. Duas gaitas, un bombo e un tamboril volverán encher de público as rúas do centro urbano e o auditorio municipal.

Ata o día 6 de setembro todos os grupos de gaitas que toquen con instrumentos tradicionais galegos poderán presentar as solicitudes no rexistro de entrada do concello de Ponteareas ata as 13 horas. As bases poden consultarse na seguinte ligazón da web do concello de Ponteareas <https://ponteareas.gal/servizos/cultura/bases-cultura/>

A LII (52) edición do Concurso de Gaitas do País promove e difunde a música tradicional



galega sendo o referente máis antigo de maior recoñecemento de toda Galiza.

O número máximo de participantes será de vinte e realizarán unha ruada polo centro urbano antes de comezar o concurso.

O xurado do LII Concurso de Gaitas do País estará composto por recoñecidos gaiteiros e personalidades do mundo da gaita e da música tradicional de Galiza que acordarán catro premios dotados de 1800,

1200, 900 e 600 euros respectivamente.

O primeiro premio tamén obterá unha gaita de Gaitas Gil e un tamboril de Sanín Percusión doado por Artesanía de Galicia.

Fernando Groba, concelleiro de Cultura e Lingua, anuncia que o festival terá lugar o vindeiro 21 de setembro e agarda que tras o éxito do ano pasado o público volva desfrutar dunha cita cos mellores sons da gaita tradicional.

A sección da Escola Oficial de Idiomas en Ponteareas ofrecerá o curso de nivel básico de francés

A concellería de Ensino, que dirixe a tenente de alcalde Cristina Fernández, informa que neste curso escolar a delegación da Escola Oficial de Idiomas en Ponteareas ofrecerá o curso de nivel básico A1 no primeiro cuatrimestre e no segundo cuatrimestre o de nivel básico A2.



Cristina Fernández amosa a súa satisfacción por ter conseguido que esta demanda da comunidade educativa sexa hoxe unha realidade. O obxectivo desta concellería é ofrecer unha oferta educativa ampla de acorde ás necesidades da poboación e que responda á demanda laboral actual evitando que a mocidade se teña que desprazar fóra da súa comarca.

Deste xeito, a sección da Escola Oficial de Idiomas en Ponteareas abrirá o prazo de preinscrición do día 2 de

setembro ao 15 de setembro. Todas as preinscricións deberán formalizarse obrigatoriamente en liña no prazo a través do acceso <https://www.eoidigital.com/preinsxunta>

Os horarios das clases de francés poden consultarse na seguinte ligazón <http://www.eoidevigo.org/archivos/Oferta-lineal-Ponteareas-555-561.pdf>

Os e as que desexen maior información poderán obtela na ligazón <http://www.eoidevigo.org/seccion/161/Matricula-Oficial.html>

Máis de 300 cativos no Campus Tea e no Verán Rural



Polo Campus Tea e polo Verán Rural pasaron máis de 300 nenos e nenas que en horario de mañá desfrutaron de actividades didácticas e de lecer que lle permitiron tamén participar en excursións nas que descubrir recunchos fermosos da súa vila e achegarse ao patrimonio natural e cultural da súa cidade.

Por quinto ano consecutivo supuxo un apoio para a conciliación familiar e laboral nas parroquias e no centro urbano.

Este ano ademais, o Campus Tea contou co servizo de aula matinal que dende as sete e media e ata as nove da mañá recibiu aos cativos e cativas máis madrugadores.

Ler Conta Moito aterra no Parque da Perillana cunha actividade lúdica didáctica de detectives e insólitos casos

A concellería de Cultura e Lingua, que dirixe Fernando Groba, dentro do seu programa "Ler conta moito" anima a participar na actividade lúdica didáctica de animación á lectura "A detectiveira peregrina e o insólito caso de Antón Fraguas" que terá lugar o xoves día 5 de setembro ás 18 horas no par-



que da Perillana a cargo de Polo Correo do Vento.

O PP denuncia a privatización do servizo de cociña na residencia de maiores Santa Ana

O Grupo Municipal do Partido Popular de Ponteareas, denuncia unha nova privatización dun Servizo Municipal por parte do Goberno Bipartito BNG-PSOE. Nesta ocasión trátase do servizo de cociña da Residencia de Maiores Santa Ana, que era xestionado en exclusiva por persoal municipal, pero que a partir de agora será un servizo prestado por unha empresa privada.

Os populares advirten que este tipo de xestión privada está a converterse nunha práctica habitual. “Recorren á contratación de empresas “amigas” para suplir ausencias de persoal municipal causadas por diferentes motivos (baixas, vacacións, etc), non saben xestionar sen malgastar”.

Desde o 2015, o Goberno

Local, que preside Xosé Represas, privatizou os servizos de iluminación, gardería, asesoría xurídica, asesoría laboral, limpeza de colexios, comunicación e informática entre outros.

“Represas fai cinco anos solicitaba a municipalización de todos os servizos privados e agora que é alcalde fai o contrario. As novas privatizacións supoñen un custo para as arcas municipais de máis dun millón de euros. É curioso que un rexedor que presume de fomentar o emprego público contrate a empresas privadas “amigas” para substituír o traballo que ata o de agora viñan desem-



peñando os nosos traballadores municipais”, critican os populares.

O Grupo Popular lembra que este Goberno Local BNG-PSOE subiu o custo dos seus soldos un 60% mentres continúan debendo á maioría dos empregados municipais entre 400 e 500 euros da paga extraordinaria de xullo. Agora aumentan a súa rede clientelar contorna ao Concello, contratando a máis empresas privadas afíns.

A concelleira de Benestar Social aclara que non existe ningunha contratación privada do servizo de comidas da residencia e esixe ao PP unha rectificación pública

A concelleira de Benestar Social aclara que non existe ningunha contratación privada do servizo de comidas da residencia e esixe ao PP unha rectificación pública

O Concello de Ponteareas, a través da concelleira de Benestar Social, Verónica Carrera, tachou de “disparate” as acusacións do PP de privatización do servizo de cociña da Residencia de Maiores.

A edil nacionalista explicou que non existe ningunha contratación privada de tal servizo que se presta e sigue

prestando con persoal municipal. Carrera aclarou que recentemente a Residencia se veu obrigada a contratar dúas ceas e dúas comidas para os residentes ao non contar dous días co persoal necesario por vacacións e descansos e non haber persoas dispoñíbeis na lista de substitucións. A concelleira animou a Belén Villar a informarse mellor para non facer o ridículo e esixíulle



unha “rectificación pública” e que aclare a qué amizade se refire cando fala, con falsidades e covardía, de “empresas amigas”.

O goberno concreta cos portavoces da oposición o cumprimento da súa dedicación retribuída



O concelleiro de Bo Goberno e Transparencia, Roberto Mera, mantivo unha reunión cos portavoces do PP, Belén Villar, e de ACIP, Juan Carlos González, para concretar a forma na que se articulará a súa dedicación retribuída.

Os dous portavoces da oposición desfrutaban dunha dedicación parcial cun salario bruto anual de 20.000 euros que os obriga a dedicar ao Concello alomenos o 65% da xornada, o que se traduce nunhas cinco horas diarias. No anterior mandato a xornada retribuída da oposición era do 50% e 15.750 euros anuais polo que o aumento do seu salario é dun 30%. Os portavoces da oposición ademais de gozar dese soldo de 20.000 euros brutos anuais, realizan outras actividades profesionais e laborais privadas.

Mera explicou que “os salarios da oposición foron aprobados para que poidan contar con persoas que acudan ao Concello a diario a facer o seu traballo de control e fiscalización do goberno, consultar expedientes e documentación, facer consultas nos departamentos muni-

pais ou asistir a reunións dos órganos colexiados”. O edil nacionalista engade que “darlle medios á oposición é fundamental nunha democracia, pero tamén é esencial a transparencia e por iso hai que concretar de que maneira Villar e González van cumprir esa dedicación principal e preferencial de cinco horas diarias ao Concello. Primeiro deben cumprir con esas cinco horas polas que cobran 20.000 euros e fóra desa xornada poden adicarse de forma secundaria aos seus negocios ou traballos, pero non á inversa”.

No encontro, o portavoz de ACIP Juan Carlos González adiantou que terá unha dedicación de 8 a 13 horas, aclarou que a súa dedicación é maior, pois a exerce tamén noutros horarios e solicitou medios materiais para atender as súas funcións. A portavoz do PP, Belén Villar, limitouse a solicitar que se lle informe por escrito para valorar a súa resposta. Mera agradeceu a González Carrera ter concretado a súa dedicación e comprometeuse a estudar e tentar atender as súas peticións de medios.

CONDADO/PARADANTA

Ponteareas fará cumprir os horarios dos locais nocturnos para asegurar a convivencia e o dereito ao descanso



O concelleiro de Bo Goberno, Roberto Mera, mantivo unha reunión cos hostaleiros que son reiteradamente sancionados por incumprimento da normativa de horarios. Mera explicou que “se trata dun grupo moi reducido de locais de ocio nocturno, en concreto dez establecementos, que de maneira continua incumpren os horarios de actividade e terraza. O edil aclara que “se trata de incumprimentos graves con establecementos que pechan dúas, tres ou catro horas máis tarde do horario legal causando problemas para a convivencia en Ponteareas” e cita como exemplo un local “na rúa Vidales Tomé, con licenza de cafetería e horario de peche máximo en sábados ás tres e media da madrugada e que só en 2019 leva recibidas 23 denuncias porque se mantén aberto incluso até as sete ou oito da mañá”.

Mera sinala que os horarios de peche “non son un capricho, veñen establecidos por lei e pretenden asegurar o dereito a descanso da maioría da poboación”. Segundo o concelleiro nacionalista, a maioría dos locais sancionados non respectan o horario de peche, algúns acumulan 40 e 50 denuncias nos últimos dous anos, permiten aos clientes sacar ao exterior a bebida, o que provoca ruidos para o vecindario, acumulación de lixo nas beirarrúas e rúas e que a clientela ocupe a calzada creando riscos para a seguridade vial.

Mera admite que “as sancións non están sendo eficaces porque parece que a algúns lles compensa pagar a sanción e abrir catro horas máis do permitido”.

O concelleiro aposta polo entendemento cos titulares das actividades “e que voluntariamente respecten as normas de convivencia. Se continúan vulnerando os dereitos dos demais adoptaremos as medidas necesarias para poñer fin a estes abusos”.

Ao fio deste asunto, Mera amosouse “sorpresa” ante as manifestacións do presidente dos hostaleiros, Isidoro Pino, quen a pasada semana criticou ao Concello por sancionar a locais por incumprir horarios. O concelleiro salientou que “o 95% da hostalaría en Ponteareas respecta as normas de horarios. Non parece moi acertado que o presidente do sector defenda ao 5% que non as cumpre porque os que abren máis do permitido ademais de causar problemas de convivencia, tamén fan competencia desleal aos que si cumpren as normas”.

Pola súa banda, a concelleira de Promoción Económica, Eva Gil, defendeu o apoio do goberno á hostalaría fronte ás críticas de Pino. “Nestes últimos anos a programación cultural e de ocio nas rúas de Ponteareas foi a mellor da súa historia e iso está beneficiando á hostalaría máis ca nunca. Ademais, por vez primeira o Concello achega 30.000 euros ao ano á Federación de Comercio e Hostalaría para que organicen actividades de promoción do sector. Por iso, culpar ao goberno municipal do peche de bares e cafeterías nos últimos anos e vinculalo aos horarios de actividade está fóra de lugar, máxime cando arrastramos unha crise económica desde hai unha década que explica o fracaso de moitos negocios”.

O Concello inspeccionará e sancionará o incumprimento de horarios e o depósito de residuos da venda ambulante

A Concellería de Medioambiente e a de Bo Goberno que dirixen Rosa Covelo e Roberto Mera anunciaron que se “inspeccionará e sancionará o incumprimento dos horarios e o depósito de residuos na venda ambulante”. Os dous edís sinalaron que “nos mercados e feiras dos sábados e días 14 de cada mes unha parte dos vendedores ambulantes non cumpren coas súas obrigas e deixan a vila nun estado deplorábel cheo de lixo, basicamente plásticos, que ademais coa se dispersan por diferentes rúas e prazas”.

Rosa Covelo explica que “o feito de que ao remate do mercado haia un servizo municipal de limpeza non quere dicir que os ambulantes podan deixar os residuos tirados de calquera xeito, están obrigados a depositalos nos colectores ou en caixas debidamente atados”.

Ademais, os vendedores ambulantes deben ter completamente

recollidas as súas instalacións e realizadas as labores de limpeza antes das 15:30, horario que en ocasións se está incumprindo por parte dalgúns vendedores.

Mera explica que o incumprimento da obriga de limpeza está tipificado como falta leve cunha sanción de até 100 euros e que, en caso de reiteración, podería considerarse grave e moi grave con perda da autorización de venda ambulante en Ponteareas. O concelleiro adiantou que nestes días se está a distribuír unha circular entre todos os vendedores ambulantes lembrándolles as súas obrigas e advertíndoos de que se farán inspeccións para rematar co problema.

Covelo e Mera piden ademais a colaboración cidadá, que os consumidores e compradores non tiren os envoltorios ou embalaxes das súas compras no mercado e que informen ao Concello de calquera incumprimento das obrigas dos vendedores.

Licitación das obras de mellora enerxética do conservatorio

A Concellería de Ensino que dirixe a tenente de alcalde Cristina Fernández informa que ata o día 26 de agosto todas as empresas interesadas poideron presentarse ao concurso para as obras de mellora de eficiencia enerxética do conservatorio municipal Reveriano Soutullo.

Este proxecto, que ten un orzamento de licitación de 390.916,08€ (ive incluído), enmárcase dentro da estratexia “Ponteareas, hábitat saudable” que conta co apoio da Unión Europea a través dos fondos de Desenvolvemento Rexional. O concello de Ponteareas aportará con fondos propios 123.993,77€ e a Unión Europea 266.922,31€.

Entre os aspectos que se valorarán está a redución do impacto na execución das obras no normal desenvolvemento da actividade escolar para que a actividade lectiva siga o seu normal desenvolvemento.

O proxecto contempla o cambio completo da cuberta, a substitución de ventanais, a insonorización dalgúns aulas e limpeza, arranxos e impermeabilización das paredes exteriores, entre outras accións que repercutirán no aforro enerxético, en dar un paso máis na contribución da protección medio ambiental e que suporán ofrecer á comunidade educativa un espazo de maior comodidade e calidade.

A Campaña para o control de acacias pasa por As Neves

As campañas que a Deputación de Pontevedra puxo en marcha en colaboración coa Federación Galega de Medio Ambiente (FEGAMA) e a Asociación Sectorial Forestal Galega (ASEFOGA), para o control da mimosa (acacia dealbata L.) e a promoción do cultivo dos froitos do bosque estiveron no concello de As Neves.

As iniciativas para frear a acacia invasora e impulsar o cultivo de froitos de bosque comezaron este mes de agosto coa recente instalación de postos informativos en Vilagarcía de Arousa e na Estrada. Tralo paso por As Neves, os próximos puntos previstos no

itinerario son os concellos de Nigrán e Cuntis.

Ao abeiro destes dous programas, móntanse stands itinerantes dotados de paneis explicativos. O persoal dos postos informativos reparte dípticos e información relevante e ofrece unha atención especializada a tódalas persoas interesadas. O programa inclúe, ademais, dúas xornadas técnicas impartidas por profesionais do sector.

A Deputación de Pontevedra dedica 37.000 euros ao convenio con FEGAMA para a sensibilización contra a acacia. O obxectivo non é só informar á poboación sobre os efectos das especies exóticas invasoras

na biodiversidade, servizos, ecosistemas, infraestruturas e a saúde humana, senón tamén espertar o interese a propietarios forestais particulares e das Comunidades de Montes en Man Común para a prevención e control da expansión desta especie.

A acacia dealbata L., tamén coñecida como mimosa, acacia, ou acacia francesa, é unha ameaza para os ecosistemas, os hábitats e as especies, especialmente na provincia de Pontevedra. A árbore transforma o hábitat con gran rapidez, impedindo a rexeneración da vexetación natural destruída, especialmente despois dos incendios forestais.



No que atinxe ao convenio con ASEFOGA trátase de impulsar o cultivo sustentable dos froitos do bosque en terras abandonadas. Neste caso, a Deputación destina 36.000 euros a promover o cultivo sustentable, mellorar o coñecemento dos froitos de bosque (moras, arandos ou framboesas) e facer fincapé na importancia ambiental da recuperación das parcelas agrícolas e forestais en desuso.

Este programa está dirixido ás persoas emprendedoras do sector agroforestal e tamén á poboación en xeral, tanto á que reside no medio urbano como no medio rural, posto que o aproveitamento agrario do solo é unha estratexia valiosa contra os incendios, mellora a calidade da paisaxe, a riqueza de especies animais e vexetais, ao mesmo tempo que fomenta a creación de emprego no rural.

As Neves comeza a destinar o superávit a obras e alumeado

Tal e coma anunciara, o Goberno local de As Neves comeza a destinar o superávit de 2018 do Concello á realización de obras en todas as parroquias, empezando pola mellora dos accesos e do alumeado.

Traballos en estradas e camiños municipais

En base a ese anuncio, e no segundo Pleno do Concello deste mandato, o pasado martes, día 13, este aprobou, a proposta do Goberno local, cos votos a favor dos concelleiros do BNG e do PSdG-PSOE, unha modificación de crédito que permitirá destinar

179.000€ do devandito superávit a obras en diferentes camiños e estradas da vila.

Máis polo miúdo, destinaranse 29.913,98€ a pista de Barrela, a que une a pista deportiva coa Estación de FFCC, o Camiño de "Lucas" na Porqueira e unha pista no Casal; á mellora da pavimentación en camiños de Vilanova e Couto, ten un orzamento de 33.811,42€; os traballos na pista dende Casal da Vila ao Marquiño pasando pola Estrema, contará con 77.983,01€, e o acceso a Empiade, 37.084,44€.

Alumeado e mellora enerxética

Cumprindo con outro dos seus compromisos, o Goberno logrou que o Pleno votase a favor dun investimento de 62.998,75€ na mellora do alumeado na vila.

Este orzamento sumado as subvencións conseguidas do IDAE destinarase á proxectos de eficiencia enerxética nas parroquias de Tortoreos, As Neves, Vide, Setados e Taboexa. E nos vindeiros meses continuarase con demáis proxectos.

Ordenanza de Prevención de Incendios

Na mesma sesión da Corporación, o Goberno sacou adiante a aprobación inicial do Or-



denanza Municipal Reguladora da Prevención de Incendios Forestais, que quedara pendente ao remate do anterior mandato.

O texto da ordenanza está publicado no portal web do Concello para dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras per-

soas ou entidades.

A nova ordenanza, así mesmo queda sometida a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para que no prazo de 30 días poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

CONDADO/PARADANTA

Horacio Gil vai a Madrid a coñecer o estado do trazado da linea de alta tensión

No día 3 de setembro o alcalde do Concello de Arbo, Horacio Gil reuniase en Madrid co Secretario de Estado de Enerxía don José Dominguez Abascal, para coñecer o estado do trazado da línea de alta tensión que cruza Arbo

Durante a reunión o Secretario de Estado de Enerxía informou o alcalde que REE presentou un trazado alternativo, cruzando o Río Miño por un corredor máis despexado e afastado do núcleo urbano de Arbo. O alcalde do Concello coñeceu de primeira man os detalles

deste trazado alternativo proposto por REE, do tramo final da Línea a 400KW Fronteira-Portuguesa que modifica o Punto de cruce sobre o río Miño.

O alcalde convocou no salón de Plenos, a Asociación afectados pola liña de alta tensión así como o Portavoz do Grupo Político Agrelar, para informarlles sobre a reunión en Madrid.

Según declara o alcalde do Concello de Arbo, Horacio Gil esta reunión solicitarase no mes de xullo, e as novas son produto do esforzo e o traballo realizado nos últimos anos, e a xestión dende o ano 2015 co

gobierno de Mariano Rajoy e que seguen a desenvolver co actual goberno. Gil manifesta que entre a administración do Estado e o Concello de Arbo, manterase contacto continuo para ir analizando todo o relativo a este trazado, Horacio Gil, incidiu que tanto os membros do actual Goberno como o grupo da oposición e os veciños e veciñas de Arbo, sempre deixaron claro a súa oposición firme ao trazado da Línea de Alta Tensión. O novo trazado, explica o alcalde, suporía realizar o enganche internacional nun punto diferente o proposta

no trazado orixinal da intercoñexión, pero a validez deste novo punto de enganche esta pendente de confirmación por parte das autoridades portuguesas, polo que roga cautela e non deixar de insistir en que en Arbo non podemos permitir que esta Liña afecte a vida cotidiana dos veciños e veciñas de Sela e Barcela, así como do resto das parroquias de Arbo.

Dende o concello trasládase a necesidade de seguir traballando e cooperando entre administración polo interese que supón, que tanto para Arbo, como para Galicia e para España



este trazado supuña o menor dano posible.

Esta non é a única reunión a que leva asistido Horacio Gil, para preocuparse sobre o trazado da Lat, a última foi no mes de novembro de 2018, sendo o seu obxectivo primordial desde a súa chegada o Goberno e durante os anos de oposición o rexeitamento a Línea de Alta tensión e o apoio incondicional aos veciños arbenses.

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Embaixada do Couto Mixto en Melgaço

Releo as memoria de António Fontes escritas por Eugénio Pintos. Fala nelas o Padre Fontes das vicisitudes vividas polos moradores dunha doutro lado da raia seca na súa loita pola supervivencia. Xentes que tiñan como medio de vida traficaren con produtos que escaseaban alén e aquen, intermediarios que levaban unha pequena parte do que custaban as mercadorías. Lembro agora as vivencias que tiveron nas moitas veces que andei por Tourén, Pitões das Júnias, Vilar de Perdizes, Cambedo, Soutelinho e Lamadarcos, e tantos outros pobos do Barroso e Tras-Os-Montes.

Ao fio destas lembranzas, vivín unha inesquecible experiencia de ter que axudar a unha camarada a atravesar o río Miño nos meandros próximos a unha pesqueira, na altura de Barcela, en Arbo, para poñela a bo recaudo en terras liberadas polo movemento libertador dos capitáns cinco meses despois do 25 de abril. Baixaban as augas con forza e a miña preocupación era que aquela torrenteira a levase río abaixo.

Cando loitaba aquel día cos pés na

auga do río para evitar unha traxedia que afortunadamente non ocorreu, acudiron a miña memoria os versos de João Verde, poeta monçense que pertenceu ao chamado Rexionalismo Português do século XIX, cantor da unidade dos pobos raianos. Proíame a rabia de termos que acudir a un paso clandestino para procurar do outro lado a liberdade que aquí o franquismo perseguía. “Vendo-os assin tão pertinho/A Galiza mail’o Minho/São como dois namorados/Que o rio tras separados/Quasi desde o nascimento./Deixal-os, pois, namorar,/Há que os paes para casar/Lles não dão consentimento.”

Tivo que transcorrer case un século para que os versos publicados en “Ares da Raya” en 1902 deixaran de ser un laio e unha utopia. Hoxe, cando as fronteiras que nos separaban foron suprimidas, no Museo Espaço e Memória da Fronteira de Melgaço están rexistradas as historias das miserias dos pobos dun e doutro lado do río por falta de medios para subsistiren.

O concello de Melgaço é o máis galego de todos os que son raianos. Porque

linda con varios concellos das provincias de Pontevedra e Ourense. Por iso compartimos unha mesma antropoloxía como estudou o sociólogo francés Fabienne Wateau no seu ensaio sobre a organización social no Val de Melgaço, “Conflitos e Água de Rega. Un dereito consuetudinario de orixe xermánica que serviu para regulamentar usos e costumes común que ten as súas orixes na Gallaecia, antes de que existise o actual Portugal.

Acordei disto cando mirei a festa conmemorativa do costume da xente do rural que repartían os meses do ano vivindo nas brandas e nas inverneiras. Subían ás brandas (serras) en abril e voltaban en setembro ás inverneiras (aldeas do val). A festa, como non podía ser doutro xeito, foi amenizado polas gaitas que é o instrumento musical que comparten connosco.

O vindeiro día 16 volveremos cruzar o río pola ponte de Arbo, camiño da antiga vila balnearia do Peço, na que estivo acubillado durante algún tempo Pepe Velo, o noso egrexio revolucionario máis universal, que foi capaz de soñar unha acción e realizala, secuestrando o “Santa María”, un buque de pasaxeiros de bandeira portuguesa, para chamar a atención do mundo das ditaduras salazarista e franquista. Algún

día –tamén somos de soñar– pedirémolle á Cámara Municipal a colocación dun monólito que lembre

a importancia estratéxica que tivo aquela freguesía para acoller aos fuxidos da sublevación militar española, como xa fixemos en Turei, a freguesía lindante co Couto Mixto, onde o mestre Manuel Barros déulles apoio a Luís Soto e outros compañeiros fuxidos da represión.

A Asociación de Amigos do Couto Mixto en colaboración coa Cámara Municipal celebrará na Praza da República de Melgaço, ás 12:00 hroas, a presentación da historia do Couto Mixto cunha representación do grupo teatral Xeitura seguida dunha mesa redonda e a proxección dun documental no Museo Espaço, Memória e Fronteira na que participarán, amais do presidente da Cámara, Manoel Batista, Luís García Mañá, Padre Fontes e Xosé Rodríguez Cruz. Será unha xornada lúdica que coincidirá no tempo coa celebración da Festa do Emigrante e a feira semanal, que encherán as prazas e rúas de miñotos en ledos convívio amenizado polo grupo de música tradicional Aíriños de Caldelas.



Arbo consolídase como destino turístico tamén para asociacións

O pasado 28 de agosto, 50 persoas dunha Asociación do Concello de Lalin visitaron o Concello de Arbo dentro do programa en Ruta CoaDepo. Os visitantes puideron gozar pola mañá da impresionante panorámica das Pesqueiras do Río Miño, unha síntese perfecta entre arquitectura e enxeñería que durante moitos anos formaron parte da vida laboral e a economía dos arbenses, xunto coa pesca da Lamprea. Tras a bela estampa, comeron nun restaurante de Arbo e pola tarde e como remate da visita, ás cinco da tarde, acompañados polo alcalde do Concello de Arbo, don Horacio Gil, coñeceron o Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Arabo", donde puideron acercarse un



pouco máis aos emblemas de Arbo, que son o Viño e a Lamprea.

Horacio Gil, alcalde do Concello de Arbo, asegura que coa visita deste grupo, o centro de interpretación do viño e a lamprea de Arbo volve pechar cun dos meses de maior afluencia,

superando o ano anterior. O alcalde e ademais o responsable da Área de Turismo do Concello de Arbo, pon de manifesto que a misión é potenciar e consolidar o papel de Arbo, como principal destino turístico da rexión e como un referente a nivel nacional.

25 aniversario da Coral Polifónica de A Cañiza



A Coral Polifónica de A Cañiza celebrou o pasado 10 de agosto, na Casa da Cultura da Cañiza, o seu 25 Aniversario, nunha Gala especial que contou coa presenza da Coral Polifónica Cantares de Arnoia e Coral Polifónica Coruñesa Canticorum.

A Coral Polifónica de A Cañiza fundouse no ano 1994 por iniciativa da Concelleira de Cultura da época, Dña. M. Pilar Antonio Gómez. Naqueles primeiros anos a Coral de A Cañiza estivo dirixida por Don Mario Grimaldos Jiménez, Director que se encargou da pre-

sentación oficial da formación. Nesta posta de largo a Coral foi apadriñada pola Coral de As Neves. Valentina Dolisnea, Enrique García Vall e finalmente Jorge Fernández González foron os sucesivos directores da agrupación cañicense.

Neste momento a formación coral conta con 32 integrantes, dos cales 11 son fundadores, e 251 socios.

A formación está subvencionada coas aportacións dos seus compositores, coas cuotas dos socios e coa aportación anual do Concello de A Cañiza e Deputación Provincial de Pontevedra.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel/Fax 986 66 15 41



o remendón
CERRAJERO



- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos

- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL
Duplinox

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com



Especialidades en: Angulas e Lamprea, Percebo do Río, Chocón e Arroz, Biscoito e Kikos e Trapa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 - Coke 646 424 968
Tel: 986 658 313 - Rúa da Fraga, 5 - SALVATIERRA DE MIÑO (PO)

Iniciadas escavações arqueológicas para tornar visitável complexo mineiro da época romana

Classificado em 1997 como Imóvel de Interesse Público Nacional, o Couço do Monte Furado - complexo mineiro que remonta à época romana, localizado nas margens do rio Coura, na Freguesia de Covas, concelho de Vila Nova de Cerveira - está a ser alvo de uma intervenção arqueológica que visa a sua recuperação e valorização para o transformar num polo de turismo cultural e de natureza aberto ao público. Os trabalhos de escavação arrancaram, esta segunda-feira, num investimento municipal a rondar os 30 mil euros, com prazo de execução até ao final do presente ano.

Procurando potenciar e ampliar a valorização turística da Freguesia de Covas, na Serra d'Arga, a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira decidiu

avançar com uma intervenção importante naquele complexo mineiro votado ao abandono até à data, após acordo com a Junta de Freguesia e parecer favorável da Direção Geral do Património Cultural.

O conjunto arqueológico do Couço do Monte Furado é formado por três estruturas complementares: a presa de derivação, o canal de captação e a galeria. Esta última apresenta-se como a mais importante pelo seu carácter atrativo do ponto de vista patrimonial, pois trata-se de um túnel escavado a pico, e que ainda conserva os lucernários onde os trabalhadores colocavam as lâmpadas que os iluminavam durante o processo de construção.

O túnel, com cerca de 150m, serviu para desviar as águas do rio Coura, de forma a per-



mitir a exploração de ouro nas áreas do troço fluvial que ficava seco, durante os trabalhos de minério realizados entre os séculos I e III d.C. por parte do Império Romano no noroeste da Península Ibérica e que tinham em comum o uso da energia hidráulica como elemento fundamental.

O projeto em curso encontra-se dividido em duas fases: uma primeira abordagem de

compilação documental e exploração arqueológica que define e clarifique os elementos que integram os restos mineiros, nomeadamente a sua cronologia cuja data previsível é a época romana; e uma segunda para a limpeza do terreno, a criação de acessibilidades e a marcação do trilho que ligará a velha Central Hidroelétrica (a 2ª mais antiga de Portugal) até ao Couço do

Monte Furado, numa extensão de aproximadamente 2km, sempre junto às margens do rio Coura, completado com painéis informativos que incluirão reconstruções gráficas do processo de exploração do ouro.

Com o intuito de preservação e partilha, a presente intervenção permitirá mostrar aos visitantes, de forma clara, didática e visual, todo o processo romano de exploração de ouro no leito do rio Coura, através de um sistema baseado num desvio do caudal de água pela escavação de uma galeria.

O arranque das escavações arqueológicas aconteceu, esta segunda-feira, sob direção de Brais Currás, investigador do CEAACP da Universidade de Coimbra, com um investimento municipal na ordem dos 30 mil euros e uma previsão de conclusão até ao final do ano.

Terras de Bouro adere ao Programa de Apoio à Redução do Tarifário dos Transportes Públicos

No âmbito da implementação do Programa de Apoio à Redução do Tarifário dos Transportes Públicos (PART), que se destina à redução tarifária nos transportes públicos coletivos e ao aumento da oferta de serviços, tendo por objetivo combater as externalidades negativas associadas à mobilidade, nomeadamente, o congestionamento, a emissão de gases de efeito de estufa, a poluição atmosférica, o ruído, o consumo de energia e a exclusão social, o Município de Terras de Bouro anuncia que será transferida para a CIM do Cávado uma verba de 1 628 347.84 euros do Fundo Ambiental e que serão alocados 72 248.76 euros a

Terras de Bouro.

A aplicação da verba atribuída ao Município de Terras de Bouro será feita da seguinte forma:

1. Apoiar 50% do valor do transporte escolar do Ensino Secundário dos alunos que frequentem o Agrupamento de Escolas de Terras de Bouro e dos alunos que, por inexistência da oferta formativa pretendida no concelho, frequentem estabelecimento de ensino fora do concelho;

2. Reforçar a oferta de transportes públicos nas linhas de Souto - Terras de Bouro (por Ribeira), Souto - Terras de Bouro e Rio Caldo - Ermida;

3. Reduzir 75% do valor dos passes

para pessoas ativas no mercado de trabalho residentes no concelho que se deslocam para o seu local de trabalho, dentro ou fora do concelho, em transporte público coletivo;

4. Reduzir 80% do valor da carteira de 10 bilhetes pré-comprados para pessoas desempregadas e pensionistas.

Estas medidas entram em vigor a partir do dia 1 de setembro.

Para efeito dos apoios referidos nos n.º 3 e 4, os passageiros devem dirigir-se à Câmara Municipal, nomeadamente, ao Balcão de Atendimento, na posse do requerimento disponível na página eletrónica do município, fazendo prova das condições de elegibilidade previstas.

Multibanco da Vila do Gerês em pleno funcionamento

A Câmara Municipal de Terras de Bouro tem procurado solucionar a problemática da falta de caixa mul-



tibanco na vila termal do Gerês. A autarquia tentou junto de várias instituições bancárias resolver essa lacuna depois do fecho da Caixa Agrícola ter encerrado a sua delegação no Gerês. Assim e após os vários esforços que a autarquia tem vindo a fazer desde o início do ano, a Câmara Municipal acaba de instalar um caixa de multibanco na vila do Gerês em parceria com a CGD, única entidade que se mostrou disponível para a colocação de uma caixa que funcionará todo o ano.